

Xoves, 14 de outubro de 2021

Núm. 198

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALVATERRA DE MIÑO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA
CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO*

O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2021 acordou proceder á aprobación definitiva do Plan municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Salvaterra de Miño.

Dando cumprimento ó establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, publícase o presente anuncio para o seu xeral coñecemento.

Contra o citado acordo, que pon fin á vía administrativa, poderáse interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Pleno deste Concello no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso que deberá entenderse desestimado se no prazo dun mes non é notificada resolución expresa, para efectos da interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo; ou ben, interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados desde a publicación do anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso, sen prexuízo de calquera outro recurso que se considere oportuno exercer.

En Salvaterra de Miño, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa — Marta Valcárcel Gómez.

Documento asinado electrónicamente na marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: NP13KGRSU001UTCJ

